



Premio Xornalístico
Manuel Reimóndez Portela
XXXI Edición, 2026

O Premio Xornalístico Manuel Reimóndez Portela ten como obxectivo promover e recoñecer o labor xornalístico e dos medios de comunicación así como os artigos escritos en lingua galega. Poderán presentarse persoas que publiquen en medios de comunicación de Galicia ou en edicións galegas de medios estatais (tanto en papel coma en formato dixital).

BASES

1. Convócase a XXXI edición do Premio Xornalístico Manuel Reimóndez Portela.
2. O Premio outorgarase ao mellor traballo ou serie de traballos (ata un máximo de cinco) publicados en lingua galega, tanto en xornais impresos coma dixitais.
3. A dotación económica do Premio será de 1.000 € con cargo a aplicación orzamentaria 330.48100. O Premio estará suxeito ás correspondentes obrigas tributarias. A organización efectuará a debida retención ante a Axencia Tributaria, de acordo á normativa aplicable e corresponderalles ás persoas premiadas declarar o Premio como unha ganancia patrimonial na súa declaración anual do IRPF. As persoas premiadas deberán estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, coa Axencia Tributaria de Galicia, coa Seguridade Social e co Concello da Estrada.
4. Ao Premio poderán presentarse traballos publicados dende o 1 de setembro de 2025 ata o 31 de agosto de 2026. O prazo de recepción rematará o 1 de setembro de 2026.
5. A participación será tramitada de xeito telemático a través dun formulario electrónico dispoñible na web do Concello da Estrada ou premioxornalistico.aestrada.gal
6. A presentación dos traballos para o XXXI Premio Xornalístico Manuel Reimóndez Portela farana as propias persoas que concursen. Poderanse presentar traballos realizados en coautoría, especificando neste caso o nome completo de todos os autores participantes.
7. O Premio será nominal e único, polo que se outorgará á persoa ou persoas candidatas que presentaran o traballo e introducirán os seus datos.
8. Non se aceptarán candidaturas de traballos elaborados de forma directa ou indirecta por calquera membro do xurado.
9. O xurado deste Premio será designado polo Concello da Estrada, tendo en conta o obxecto, natureza e finalidade do concurso. Estará formado por persoas de recoñecido prestixio tanto no ámbito da literatura coma no do xornalismo. Así mesmo, formará parte do xurado un/unha Secretario/a que actuará en nome do Concello da Estrada.

Na valoración das obras presentadas o xurado terá en conta os seguintes criterios:

1. Calidade narrativa e linguaxe
 - Claridade e precisión: O uso dunha linguaxe comprensible para todos os niveis culturais, evitando ambigüidades.
 - Forza argumentativa: En xéneros de opinión, valorarase a solidez dos argumentos e a capacidade de interpretación dos feitos.
 - Estilo e brevidade: A capacidade de sintetizar información complexa de forma directa e atractiva.



2. Rigor e ética xornalística

- Pluralidade de fontes: A riqueza e diversidade dos testemuños e documentos consultados para construír a historia.
- Investigación e profundidade: O esforzo por afondar en temas de alto interese público.
- Estándares éticos: O cumprimento das normas deontolóxicas da profesión, como o respecto á verdade e a responsabilidade social.

3. Impacto e Relevancia (Noticiabilidade)

- Interese público: A transcendencia e consecuencias da noticia para a comunidade ou sociedade.
- Orixinalidade: Un enfoque novo ou un punto de vista único sobre o tema tratado.
- Resultados sociais: Como o traballo podería contribuír mellorar a sociedade ou darlles visibilidade a colectivos específicos.

4. Innovación Técnica

- Uso de recursos: No xornalismo dixital, avalíase a integración de formatos multimedia, visualización de datos e novas formas de interacción coa audiencia.
- Calidade visual: Para premios de fotografía ou vídeo, a composición, o momento capturado e a técnica profesional son determinantes.

10. A resolución do xurado cualificador será inapelable e darase a coñecer no seu momento. O Premio entregárase na data e lugar que oportunamente se anunciará.

11. O xurado, se así o estima conveniente, poderá declarar deserto o Premio.

12. Os dereitos de propiedade intelectual ou industrial que poidan derivarse dos traballos presentados correspóndenlles ás persoas que concursan. A presentación dunha candidatura ao XXXI Premio Xornalístico Manuel Reimóndez Portela non supón a cesión nin traspaso ou renuncia aos dereitos que lles correspondan aos autores de cada traballo, conservando así todos os dereitos sobre as súas respectivas marcas e calquera outro ben protexido pola lexislación vixente en materia de propiedade intelectual e industrial. Sen prexuízo do anterior, o Concello da Estrada resérvase o dereito de difundir os traballos gañadores e finalistas a través da páxina web do Premio, así como a través das súas redes sociais ou mediante notas de prensa, insercións publicitarias, entrevistas e/ou exposicións físicas ou dixitais.

A mera presentación dos traballos por parte das persoas concursantes implica a autorización ao Concello da Estrada para realizar as accións sinaladas no parágrafo anterior.

13. As presentes bases publicaranse na web municipal www.aestrada.gal, na app do Concello e nas súas redes sociais. O extracto da convocatoria desta subvención publicarase na Base de Datos Nacional de Subvencións ([BDNS](#)). Posteriormente, a [BDNS](#) dará traslado do extracto desta ao Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra para a súa publicación.

14. O procedemento de instrución e resolución levarase a cabo no Departamento de Cultura, nos termos que se regulan nos artigos 23 a 27 da Lei Xeral de Subvencións.

15. A presente subvención será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera administración ou ente público ou privado.



Excmo.
Concello da Estrada

Concello da Estrada
Praza da Constitución 1
36680 A Estrada, Pontevedra
telf 986 57 00 30
www.aestrada.gal

16. A presentación dunha candidatura ao XXXI Premio Xornalístico Manuel Reimóndez Portela do Concello da Estrada implica a aceptación das presentes bases. Calquera incumprimento de prazos ou procedementos reflectidos nestas bases privará á persoa candidata da posibilidade de optar ao Premio. No caso de que se detecte por parte da organización que se incumpriu calquera dos puntos descritos nas presentes bases, poderán ser retirados do concurso os traballos presentados que non se axusten a estas.

CONSIDERACIÓNS:

- A organización do Premio resérvase o dereito de realizar cambios na composición do xurado se así o estimase conveniente.
- Non se admitirán traballos premiados anteriormente.
- Non poderán optar a este Premio nin as persoas que colaboren coa organización (incluído o xurado) nin familiares destas.